

VIDEOCLIPS DE CANCIÓNS INFANTÍS EN GALEGO

Escolma de videoclips infantís con subtítulos realizada polo Departamento de Galego da EOI de Pontevedra.

SERIES DE DEBUXOS ANIMADOS EN GALEGO PARA MENIÑOS E MENIÑAS DE 3 A 6 ANOS

Estas series están aloxadas na páxina [Programas de Xabarín da TVG /CRTVG](#)

TUTU

Aventureiro, divertido e, sobre todo, curioso... así é Tutu, un pequeno canguro motorizado ao que lle encanta aprender cousas novas mentres xoga cos seus amigos: Rafa, unha xirafa en patíns; Nina, unha pulga inqueda e divertida; Linda, unha ovelliña moi espelida; Fante, un elefante moi elegante con acento inglés, e Tupa, unha toupa velliña moi cariñosa. Con eles, Tutu resolve cada día un novo problema. Por que caen as follas das árbores? Que é o eco? Como se fan as deliciosas galletas de Tupa?

O obxectivo principal de cada unha das historias é transmitirles aos nenos e nenas valores, ensinanzas e conceptos con certas doses de comedia e aventura.

A TROPA DE TRAPO

"A Tropa de Trapo" é un grupo de personaxes encantadores que viven xuntos no medio das montañas onde gozan cada día dunha nova aventura. Trátase de Mumu, a vaca de cadriños azuis; Milo, o osiño de la verde; Talao, o paxariño con raias de cores; Olga, a porquiña rosa co seu estampado de flores; Alfred, o canciño vestido de "tweed" para o té e Rita, a xirafa amarela con lunares amarelos.

Estes bos amigos divertirán e estimularán os máis pequenos, faranlles compartir os seus divertidos descubrimentos á vez que contribuirán a desenvolver a súa personalidade, tratando de inculcarlles a toma de conciencia da propia identidade e de como se pode crear un bo equipo combinando as diferentes habilidades dos que nos rodean.